



**16/06/08. NOTA DE PRENSA DO COLECTIVO DE AFECTADOS POLAS ANTENAS DE TELEFONÍA MOBIL DA RÚA AS BARXAS EN MOAÑA (PONTEVEDRA):**

**CHAMAMENTO PARA FALAR CON TÓDOLOS CONCELEIROS DE MOAÑA DA RETIRADA DAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL TAMÉN DAS ZONAS RESIDENCIAIS**

O Colectivo de Afectados polas Antenas de Telefonía Mobil da rúa As Barxas fai un chamamento público aos distintos grupos políticos que conforman o concello de Moaña e ó seu alcalde, tal e como lles mandaron vía rexistro municipal o pasado venres 13 de xuño, informándolles da importante exposición á contaminación electromagnética á que están expostos (especialmente a numerosa poboación infantil do lugar) pola confluencia dun transformador de media tensión cunha Torre de telefonía móbil que está acumulando as antenas base de distintas compañías (Movistar, Vodafone, Yoigo e sospeitamos que Imagenio) que non foron aceptadas noutros barrios; e das informacións solicitadas e suministradas polo Concello; constatando a ausencia da “Licenza de Actividade Clasificada” prescriptiva (en base ao Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e perigosas).

Deste modo este colectivo SOLICITA a tódolos concelleiros que conforman esta corporación:

1º.- **A retirada desta estación de telefónica móbil** desta zona residencial a un lugar fora de zonas habitadas, onde se poida conciliar as novas tecnoloxías co dereito a saúde establecido na Constitución Española.

2º.- Que se estas compañías solicitan a Licenza de Actividade, esta corporación teña a ben **non conceder dita licenza aplicando o PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN** (tal e como recomenda a Axencia Europea de Medio Ambiente e o Valedor do Pobo no seu último informe presentado no Parlamento Galego) e que esta corporación sexa quen de negociar con estas compañías unha solución para tódalas antenas colocadas nas zonas residenciais de Moaña (Barxas, Portal do Almacén, Tirán...) apartándoas destes lugares e trasladándoas a un espazo onde a distancia de seguridade á exposición deste tipo de campos se rebaixe aos niveis biolóxicos mínimos tolerables e que non afecten a poboación.

3º.- **Unha reunión deste colectivo con tódolos grupos políticos** que conforman esta corporación para informarlles máis detidamente da preocupación que estas antenas están provocando en moitos dos veciños deste lugar.

Moraña, 16 de xuño de 2008